

## Exposicións:

### VISITAS COMENTADAS PARA OS GRUPOS DE EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL

**Bibliografía temática:** Aforro enerxético, Arquitectura, Autoconstrución, Bioclimática, Bioconstrución, Cociñas solares, Contaminación electromagnética, Enerxías Renovables Enerxía solar, Feng Shui, Madeiras, Radiestesia, Transporte non contaminante, Tóxicos no fogar, Urbanismo sustentable, Xardinería ecolóxica, Xeobioloxía...

**Documentación técnica:** Materiais de construción ecolóxicos, Instalacións biocompatibles, Aforro de auga, Aforro enerxético, Illamentos, Pinturas ecolóxicas e naturais, Iluminación...

**Paneis fotográficos:** Realizacións en Bioconstrución en diversos lugares da xeografía española, Instalacións de enerxías renovables, Solucións constructivas, Materiais empregados...

**Paneis temáticos:** Bioconstrución, Enerxías renovables, Contaminación electromagnética, Xeobioloxía, Radiestesia, Feng Shui, Arquitectura sagrada...

**Materiais empregados en bioconstrución:** Illamentos, Conduccións de auga, Bloques cerámicos e de terra, Pedras, Madeiras, Pinturas, Tabiquería lixeira, Impermeabilizantes...

**Recursos didácticos para a aprendizaxe da Enerxía Solar:** cocinas solares de baixo custo, cociñas solares verán-inverno (30-60), cociñas solares de concentración, asador de brochetas solar, duchas solares, quentadores de auga, destiladores solares, pasterizadores solares, instalación de produción de auga quente sanitaria con sistema de circulación forzada (instalación comercial para unha familia de 4 membros), sistema de calentamento de auga por termosifón, sección de captador de placa plana, tubos de vacío, concentradores de altas temperaturas, instalación solar fotovoltaica con acumulación e transformación a 220v ac, lámpara solar, radio solar, vehículo con célula solar e pila de combustible de hidróxeno, móvil solar, reloxo solar histórico, globo solar, aplicacións cotiás da enerxía solar...

**A bicicleta como medio de desprazamento nun urbanismo sustentable:** A problemática do transporte nas cidades, espazos de circulación, espazos de aparcamento...

**Sistemas de produción enerxética renovable:** Mostra de diferentes materiais comerciais por parte de empresas colaboradoras.

## Persoas destinatarias:

Os destinatarios das Xornadas de Bioconstrución e Enerxías Renovables son principalmente os alumnos e profesores dos ciclos pertencentes á familia profesional de Edificación e Obra Civil.

Os alumnos e profesores procedentes dos outros cinco centros doutras comunidades autónomas participantes no proxecto de agrupamento aprobado polo MEC.

Poderase facer extensiva a participación a aqueles alumnos de bacharelato que pretendan estudar carreiras relacionadas coa arquitectura ou a enxeñería.

Si a temática a tratar é de interese para outras persoas alleas ó departamento, e sempre que o aforo do local o permita, non habería inconveniente na asistencia, previa comunicación ó coordinador das xornadas.



CIFP Someso—A Coruña

Rúa Someso 6 - 15008 - A Coruña

Teléfono: 981 28 22 00

Fax: 981 28 21 11

Correo: cifp.someso@edu.xunta.es



CIFP Someso—A Coruña

## VI XORNADAS DE BIOCONSTRUCCIÓN E ENERXÍAS RENOVABLES

14, 15 e 16 de novembro de 2007



**Mércores 14 de novembro**

9:00 Salón de Actos SOMESO

**PRESENTACIÓN DAS XORNADAS E APERTURA DO CICLO DE CONFERENCIAS**

9:30 CONFERENCIA Salón de Actos SOMESO  
**XEOBIOLOXÍA: O LUGAR E O FOGAR**  
*Antonio Seijas. Arquitecto técnico especializado en Bioconstrución.*  
A importancia do lugar.  
A casa e a saúde.

12:00 CONFERENCIA Salón de Actos SOMESO  
**VIVENDA VERNÁCULA EN GALICIA**  
*Plácido Lizancos. Arquitecto. Profesor na Escola Técnica Superior de Arquitectura.*  
Evolución histórica da casa en Galicia.  
Tipoloxías.  
Respostas ós diferentes condicionantes.

15:30 VISITAS TÉCNICAS  
**REDES**  
Vila mariñeira que aínda mantén a súa relación da arquitectura coa vida do mar. Conserva un interesante catálogo de contrucións tradicionais.

**BETANZOS**  
Visita ó casco histórico analizando o desenvolvemento urbano, as propostas arquitectónicas, solucións constructivas no ámbito da construción tradicional

20:00 VISITA TÉCNICAS  
**CASCO HISTÓRICO DE A CORUÑA**  
Visita ó casco histórico analizando o desenvolvemento urbano, as propostas arquitectónicas, solucións constructivas no ámbito da construción tradicional para o desenvolvemento de traballos na clase

**Xoves 15 de novembro**

10:30 CONFERENCIA Santiago. Sede do Consorcio.  
**REHABILITACIÓN NO CASCO HISTÓRICO DE SANTIAGO**  
*Consorcio de Rehabilitación do casco histórico de Santiago.*

Orixe, evolución e perspectivas no proceso de rehabilitación.  
Criterios de rehabilitación.  
Materiais empregados.

12:30 VISITAS TÉCNICAS  
**SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
Visita guiada polo casco histórico de Santiago analizando o trazado urbano, as características da arquitectura, as solucións constructivas e as solucións adoptadas no proceso de rehabilitación.

15:30 VISITAS TÉCNICAS  
**CATEDRAL DE SANTIAGO**  
Visita guiada á catedral, observando todo o conxunto monumental e analizando as propostas arquitectónicas e as solucións constructivas.

18:00 VISITAS TÉCNICAS  
**CARRAL**  
Vivenda unifamiliar no concello de Carral deseñada e construída con criterios de bioconstrución. Conta con instalación solar para auga quente sanitaria e apoio á calefacción, tratamento integral da auga (recollida e aproveitamento de augas pluviais, separación dos tipos de augas, tratamento biolóxico das augas residuais e depuradora verde con lagunaxe). Dispón dunha piscina naturalizada ou estanque de baño.

**Venres 16 de novembro**

9:00 CONFERENCIA Salón de Actos SOMESO  
**BIOCLIMÁTICA**  
*Juan Carlos Linares Regueira. Profesor na familia profesional de Edificación e Obra Civil. Arquitecto.*  
Principios de deseño bioclimático.  
Condicionantes para o deseño urbano.  
Exemplos de aplicación.

11:00 CONFERENCIA Salón de Actos SOMESO  
**ENERXÍA SOLAR**  
*Nicolás Vázquez. Instituto Enerxético de Galicia (INEGA).*  
Enerxía solar térmica.  
Enerxía solar fotovoltaica.  
Aplicacións e evolución en Galicia.

12:30 VISITAS ÁS EXPOSICIÓNS  
**BIOCONSTRUCCIÓN ENERXÍAS RENOVABLES**  
Visitas guiadas ás exposicións do CIFP SOMESO

14:00 Salón de Actos SOMESO  
**CLAUSURA DAS XORNADAS**

